

## CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA DE TURISMO DE GALICIA E O ARCEBISPADO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA PARA A REPARACIÓN DUN RETABLO DA IGREXA DE SAN CAETANO EN SANTIAGO DE COMPOSTELA

Santiago de Compostela, 23 de xuño de 2026

### REUNIDOS

Por unha parte, D. José Manuel Merelles Remy, director da **Axencia de Turismo de Galicia**, en virtude do nomeamento efectuado polo Decreto 75/2024, do 22 de abril (DOG núm. 81, do 24 de abril), e conforme ás facultades que lle confire o apartado dous da disposición adicional segunda do Decreto 135/2024, do 20 de maio, de estrutura orgánica dos órganos superiores e de dirección dependentes da Presidencia da Xunta de Galicia (DOG núm. 101, do 27 de maio), que desconcentra na persoa titular da Dirección da Axencia a competencia para subscribir convenios de colaboración no seu respectivo ámbito competencial, de acordo co previsto no artigo 15.2.c) dos estatutos da Axencia de Turismo de Galicia, aprobados polo Decreto 196/2012, do 27 de setembro (DOG núm. 193, do 9 de outubro).

Pola outra, D. Fernando Barros Fornos, Ecónomo do **Arcebispado de Santiago de Compostela**, en nome e representación do Arcebispado de Santiago de Compostela, con NIF R1500020A e domicilio na Praza da Inmaculada núm. 1, en Santiago de Compostela, en virtude das facultades que lle outorga o Código de Dereito Canónico.

Interveñen en función dos seus respectivos cargos e en exercicio das facultades que para convir en nome das entidades que representan teñen conferidas

### EXPOÑEN

**Primeiro.-** Que a Axencia de Turismo de Galicia, en virtude do disposto no artigo 1 do Decreto 196/2012, do 27 de setembro, polo que se crea a Axencia de Turismo de Galicia e se aproban os seus estatutos, é a axencia pública autonómica que ten como obxectivo

impulsar, coordinar e xestionar a política autonómica en materia de turismo e, en especial, a promoción e ordenación do turismo dentro da comunidade.

Para lograr esta finalidade a Axencia de Turismo de Galicia acomete, no ámbito das súas competencias, un decidido apoio á promoción e fomento do sector turístico de Galicia a través daquelas accións que lle permiten acadar os seus obxectivos.

**Segundo.-** Que a Igrexa de San Caetano, situada na rúa Otero Pedrayo, fronte ao edificio da Xunta de Galicia, é a primeira igrexa da zona norte de Santiago que atopan os peregrinos do Camiño Inglés.

Este templo foi fundado en 1701 polo Capitán Bartolomeu de Vereá e Vázquez e a súa esposa Dona Ángela de Cora e Ponte e Andrade. Fronte ao barroquismo predominante en Santiago na época da súa construción, este templo destaca pola súa gran sinxeleza e pola marcada influencia da arquitectura popular. A súa planta é de cruz latina con cabeceira recta e o transepto destacado en alzado, ao elevarse o cruceiro e os brazos laterais sobre o nivel do tellado a dúas augas que cobre a nave principal. Os muros están cubertos con revogue, salvo a rúa central da fachada principal e os remates dos vans que deixan á vista a cantaría en granito. Sobre a portada, rematada cun arco de medio punto de moldura lisa, ábrese unha xanela rectangular sobre a que campan as armas dos fundadores. O conxunto coróase no vértice coa espadana de corpo rectangular no que se abren dous arcos de medio punto flanqueados por pilastras que sosteñen un frontón triangular rematado con pináculos.

No templo atópanse dous retablos laterais, un no lado da Epístola, dedicado a San Caetano, e outro no lado do Evanxeo, dedicado á Virxe das Dores, obxecto deste convenio. Ambos retablos foron encargados ao escultor noiés Félix de San Luis no ano 1756.

**Terceiro.-** Que o retablo da Virxe das Dores, presenta unha serie de patoloxías que a continuación se relacionan:

- Danos nas carpinterías, especialmente nas zonas de contacto entre os muros e o retablo e na zona do banco.

- Ataques puntuais de insectos xilófagos.
- Sucidade superficial, cunha gran capa de fume e polvo, que retén a humidade favorecendo a aparición de insectos e fungos.
- Presencia dunha capa de verniz envellecido que altera a percepción cromática do retablo.
- Repinte na totalidade da zona do banco do retablo.
- Faltas cromáticas.
- Cravos oxidados provocando fendas na madeira.
- Gretas e desaxustes nas carpinterías.
- As esculturas presentan alteracións en canto a sucidade superficial e ao verniz.

Á vista dos danos presentados, realizaranse as seguintes actuacións:

- Limpeza mecánica superficial do anverso e o reverso.
- Desmontaxe parcial do retablo.
- Desinsectación.
- Fixación puntual da capa pictórica.
- Limpeza mecánico-química da sucidade superficial e da capa de verniz oxidado.
- Eliminación dos repintes, a excepción dos da mesa de altar recuada.
- Eliminación-transformación de óxidos de ferro.
- Reintegración pictórica.
- Vernizado final de protección.
- Consolidación de madeiras e reconstrucións volumétricas.
- Restauración de carpinterías para garantir a estabilidade do retablo.
- Desinsectación, limpeza superficial, eliminación de verniz oxidado, reintegración pictórica e vernizado final de protección das esculturas do retablo.

**Cuarto.-** Que a Axencia de Turismo de Galicia está interesada en colaborar neste proxecto, que contribuirá á revalorización do turismo da Comunidade Autónoma e á necesidade de atender áreas con necesidades específicas para a posta en valor e humanización de elementos patrimoniais, ofrecendo aos visitantes e peregrinos produtos turísticos seguros, que incidirán na promoción e potenciación do turismo en Galicia.

Con esta actuación preténdese potenciar un elemento patrimonial do Arcebispado, favorecendo o uso e goce do entorno por parte de veciños e visitantes, revalorizando o patrimonio e fomentando o turismo patrimonial como un instrumento de reequilibrio territorial, o que supón a posta en valor turístico da citada infraestrutura.

**Quinto.-** Que o presente convenio de colaboración implica a concesión dunha subvención directa ao abeiro do disposto no artigo 19.4.c) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e concorren así razóns de interese público que xustifican o outorgamento dunha subvención sen que proceda promover a concorrència pública, dada a especialidade do seu obxecto, xa que o Arcebispado de Santiago de Compostela é o único que pode realizar as actuacións obxecto deste convenio de colaboración, aos efectos establecidos nos artigos 19.4.c) e 26.2 a) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e 36.c) e 40.1a) do Regulamento da dita lei, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

En consecuencia, ambas partes acordan subscribir o presente convenio con suxeición ás seguintes

## CLÁUSULAS

### **Primeira.- Obxecto do convenio.**

Constitúe o obxecto do presente convenio o establecemento das condicións pola colaboración entre a Axencia de Turismo de Galicia e o Arcebispado de Santiago de Compostela para a reparación dun retablo da igrexa de San Caetano.

### **Segunda.- Orzamento e financiamento.**

O orzamento estimado para a realización das actuacións previstas neste convenio ascende a **29.971,70 €** (IVE incluído), que se distribúen da seguinte maneira:

CONCEPTO	IMPORTE
Redacción do proxecto e memoria final de restauración	300,00 €

Sentado de cor	480,00 €
Limpeza e axustes estruturais, carpintería	12.000,00 €
Desinsectación do retablo	600,00 €
Consolidación da madeira	580,00 €
Tratamento de metais	150,00 €
Estucado-desestucado, reintegración formal, cromática e vernizado	4.000,00 €
<b>TOTAL INTERVENCIÓN DE RESTAURACIÓN DO RETABLO LATERAL</b>	<b>18.110,00 €</b>
Materiais e medios auxiliares	2.500,00 €
<b>TOTAL MATERIAIS E MEDIOS AUXILIARES</b>	<b>2.500,00 €</b>
Restauración das esculturas do retablo: desinsectación, limpeza superficial, eliminación de verniz oxidado, reintegración pictórica e vernizado final de protección	4.160,00 €
<b>PRESUPOSTO RESTAURACIÓN DAS ESCULTURAS</b>	<b>4.160,00 €</b>
Subtotal	24.770,00 €
21 % IVE	5.201,70 €
<b>IMPORTE TOTAL EXECUCIÓN</b>	<b>29.971,70 €</b>

Deste orzamento, a Axencia de Turismo de Galicia financiará a contía de 29.971,70 €, IVE incluído (100%). Esta achega da Axencia só cubrirá o custo de realización da actividade, sen que o Arcebispado de Santiago de Compostela obteña beneficio ou lucro industrial algún coa devandita achega.

A Axencia de Turismo de Galicia procederá ao pago dos gastos correspondentes con cargo á aplicación orzamentaria 04.A2.761A.781.0, código de proxecto 2015 00005, dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2026.

### **Terceira. Gastos subvencionables.**

De acordo co previsto no artigo 29 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, consideraranse subvencionables os gastos que, sen admitir dúbida, respondan á natureza da actividade subvencionada de acordo coa previsión de orzamento recollida na cláusula segunda e que se realicen a partir do **1 de xaneiro de 2026**. En ningún caso o custo de adquisición dos gastos subvencionables poderá ser superior ao valor de mercado.

Os gastos financeiros, os gastos de asesoría xurídica ou financeira, os gastos notariais e rexistrals e os gastos periciais para a realización do proxecto subvencionado recollidos no artigo 29 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, non serán subvencionables.

#### **Cuarta.- Compromisos das partes.**

I. O Arcebispado de Santiago de Compostela, como entidade beneficiaria da subvención, asume as seguintes obrigas:

- Desenvolver as actuacións recollidas nas cláusulas primeira e segunda deste convenio, e que constitúen o seu obxecto e xustificar a realización da actividade e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención.
- Incluír en toda a documentación e soportes específicos para o evento que se trata dunha actuación con financiamento da Xunta de Galicia a través da Axencia de Turismo de Galicia, incluír a marca Xacobeo 27 de conformidade co Decreto 3/2026, do 26 de xaneiro, polo que se regula a utilización da marca Xacobeo 2027 e a marca "Galicia Calidade" en todas as actividades obxecto do presente convenio de colaboración. Os logos poderán descargarse na seguinte ligazón: <https://www.turismo.gal/marca01>.
- Colocar un cartel de obra no que conste de xeito visible a colaboración da Xunta de Galicia de acordo co previsto no parágrafo anterior, conforme o modelo indicado no anexo a este convenio, que deberá permanecer instalado durante todo o período de execución do proxecto. O cartel de obra deberá seguir as características que aparecen recollidas no manual de identidade para o cartel de

obra xenérico, que se poden ver no enlace que se xunta:

[https://www.xunta.gal/ficheiros/identidade-corporativa/2021/mic/xunta\\_de\\_galicia\\_manual\\_identidade\\_galego.pdf](https://www.xunta.gal/ficheiros/identidade-corporativa/2021/mic/xunta_de_galicia_manual_identidade_galego.pdf).

- Achegar a información que lle sexa requirida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, o Consello de Contas e o Tribunal de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino do investimento.
- Comunicar á Axencia de Turismo de Galicia a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada procedentes de calquera administración ou entes públicos ou privados nacionais ou internacionais. Esta comunicación deberá efectuarse tan pronto como se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dos fondos recibidos.
- Presentar, antes da sinatura deste convenio, certificacións de atoparse ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e de non ter pendente de pago algunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma, así como unha declaración responsable de non estar incurso en ningunha das prohibicións para obter a condición de beneficiario, establecidas no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, de conformidade co disposto nos artigos 10 e 13 do Regulamento da dita lei, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.
- Subministrar á Axencia de Turismo de Galicia, en virtude do disposto no artigo 4 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, previo requirimento, toda a información necesaria para o cumprimento pola Axencia das obrigacións previstas no Título I da citada lei.
- As demais obrigas establecidas no artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

II. A Axencia de Turismo de Galicia comprométese a colaborar no financiamento do custo das actuacións previstas a través do outorgamento dunha subvención polo importe establecido na cláusula segunda.

**Quinta.- Inexistencia de relación laboral.**

A subscrición do presente convenio non implicará relación laboral ou de calquera outra natureza entre as persoas ou profesionais que desenvolvan as actuacións subvencionadas que constitúen o obxecto do mesmo, de tal xeito que, por este concepto, non se lle poderá esixir responsabilidade ningunha directa nin subsidiaria á Axencia de Turismo de Galicia.

O Arcebispado de Santiago de Compostela será o único responsable dos custos salariais, incluída a cotización empresarial á Seguridade Social por todos os conceptos.

#### **Sexta.- Compatibilidade.**

De conformidade co disposto no artigo 40.1 d) do Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, a achega económica prevista neste convenio será compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera Administración ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou organismos internacionais.

En ningún caso o importe das subvencións ás que se refire o parágrafo anterior poderá superar, no seu conxunto, o custo da actividade subvencionada, ao amparo do disposto no artigo 17.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

#### **Sétima.- Comisión de seguimento.**

Para o seguimento do convenio e da súa execución, así como propoñer solucións das posibles controversias que xurdan da citada execución, créase unha Comisión de Seguimento. Esta comisión estará integrada por un representante designado polo Arcebispado de Santiago de Compostela e un representante designado pola Axencia de Turismo de Galicia.

A súa actuación axustarase ao establecido nos preceptos básicos da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, e na Lei 16/2010, do 17 decembro, de

organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.

Non obstante, todas aquelas cuestións que se susciten en relación co outorgamento, cumprimento, xustificación e pagamento, así como o reintegro e determinación das posibles responsabilidades relativas á subvención concedida serán resoltas pola persoa titular da Dirección da Axencia de Turismo de Galicia.

#### **Oitava.- Modificacións do convenio.**

As modificacións do convenio adoptaranse por acordo expreso e escrito das partes asinantes e de acordo cos trámites que esixa a normativa vixente.

Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención dará lugar á modificación do convenio, sendo de aplicación as previsións ao respecto contidas na Lei 9/2007, do 13 de xuño, e no regulamento de dita lei.

Así mesmo, e de conformidade co disposto no artigo 31.4 da Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico, os convenios subscritos pola Administración xeral da Comunidade Autónoma e as entidades instrumentais do sector público autonómico poderán ser obxecto de modificación cando teñan como finalidade o logro dos obxectivos de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.

#### **Novena.- Natureza xurídica, réxime xurídico e xurisdición competente.**

Este convenio ten natureza administrativa, e queda fóra do ámbito da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, que o exclúe expresamente no artigo 6.

Seralle de aplicación o réxime determinado pola Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; o Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, que a desenvolve; os preceptos básicos da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e do Real decreto 887/2006, que a desenvolve; a Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno; a Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das

administracións públicas; a Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, e polas demais normas de dereito administrativo aplicables e, na súa falta, polas normas de dereito privado.

As controversias derivadas da aplicación ou interpretación do presente convenio serán resoltas en última instancia pola persoa titular da Dirección da Axencia de Turismo de Galicia, cuxas resolucións poñen fin a vía administrativa. Será competente a xurisdición contencioso-administrativa para resolver na vía xurisdiccional as citadas controversias.

#### **Décima.– Xustificación do convenio e pagamento.**

I. A xustificación dos fondos efectuarase segundo a modalidade de **conta xustificativa**, de acordo co previsto no artigo 28 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e no artigo 48 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, que a desenvolve, que conterá a seguinte documentación:

- 1) Memoria de actuación, xustificativa do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención, con indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.
- 2) Unha memoria económica xustificativa do custe das actividades realizadas, que conterá:
  - a) Unha relación clasificada dos gastos e investimentos da actividade, con identificación do acredor e do documento, o seu importe, data de emisión e, no seu caso, data de pagamento.
  - b) Facturas ou documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico-mercantil ou con eficacia administrativa incorporados na relación á que se fai referencia no apartado anterior e a documentación acreditativa do pago. No caso de tratarse de gastos inferiores a 1.000 € poderá xustificarse o pagamento mediante recibo do provedor.

- c) Os documentos acreditativos dos gastos realizados con medios ou recursos propios e a indicación, no seu caso, dos criterios de reparto dos custos xerais e/ou indirectos incorporados na relación á que se fai referencia na letra a).
- d) Unha relación detallada doutros ingresos ou subvencións que financien a actividade subvencionada con indicación do importe e a súa orixe.
- e) Os tres orzamentos que, en aplicación do artigo 29.3 da Lei de subvencións de Galicia, deba solicitar o beneficiario.
- f) No seu caso, a carta de pago de reintegro no suposto de remanentes non aplicados así como dos intereses derivados destes.
- g) Deberá indicarse un número de conta para o ingreso dos fondos e xuntar unha declaración responsable da veracidade dos datos relativos á dita conta.
- h) Así mesmo, deberá remitirse o detalle da documentación e soportes publicitarios nos que consten as obrigas de publicidade establecidas no presente convenio.
- i) Reportaxe fotográfica na que se constate o estado previo ao comezo das actuacións e o resultado final unha vez executadas, así como a colocación do cartel de obra.

Doutra banda, a entidade beneficiaria deberá acreditar que se atopa ao corrente no cumprimento dos seus deberes tributarios e fronte á Seguridade Social e que non ten pendente de pago ningunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma.

A documentación correspondente á xustificación presentarase de forma electrónica a través da sede electrónica da Xunta de Galicia (<http://sede.xunta.gal>).

II. A cantidade máxima que se obriga a achegar a Axencia reducirase na mesma proporción que represente a cantidade non xustificada respecto do orzamento total inicialmente previsto neste convenio, sempre e cando se acade o obxecto deste convenio de colaboración.

Con todo, non se entenderá incumplido o deber de xustificación das actuacións obxecto deste convenio no caso de variacións das contías previstas nas distintas partidas

establecidas no orzamento estimado na cláusula segunda, cando obedezan a razóns xustificadas e as actuacións que se levaron a cabo garden relación directa co obxecto do presente convenio.

III. A comunicación relativa á obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, así como a modificación das circunstancias que fundamentasen a concesión da subvención, deberá efectuarse no momento no que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos.

Cando as actuacións obxecto do convenio fosen financiadas, ademais de coa subvención, con fondos propios ou doutras subvencións ou recursos, deberá acreditarse na xustificación o importe, a orixe e a aplicación de tales fondos ás actividades subvencionadas, de conformidade co establecido no artigo 28.6 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

No caso de que se produza exceso das subvencións percibidas de distintas entidades públicas, a entidade beneficiaria deberá reintegrar o exceso xunto cos xuros de demora, nos termos que establece o artigo 23 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei de subvencións de Galicia.

IV. Á vista desta documentación, o órgano competente da Axencia de Turismo de Galicia, expedirá certificación acreditativa do cumprimento dos fins obxecto do convenio e tramitará o seu pagamento.

Para estes efectos, considerarase gasto realizado o que foi efectivamente pagado con anterioridade á finalización do referido prazo de xustificación.

V. O importe correspondente ao IVE, xerado polos gastos que xeren os conceptos orzamentarios previstos na cláusula segunda, só poderá ser imputado ao convenio na contía que non sexa recuperada ou compensada pola entidade beneficiaria, o cal deberá ser acreditado por esta coa xustificación do convenio. A Axencia de Turismo de Galicia resérvase o dereito para solicitar toda a documentación que considere precisa en relación coa xustificación dos gastos de execución do convenio.

VI. O prazo para presentar a documentación xustificativa por parte da entidade beneficiaria remata o **1 de decembro de 2026**.

A documentación correspondente á xustificación presentarase de forma electrónica a través da sede electrónica da Xunta de Galicia (<https://sede.xunta.gal>).

#### **Décimo primeira.- Perda do dereito ao cobramento da subvención.**

1. Producirase a perda do dereito ao cobramento da subvención nos supostos de falta de xustificación, xustificación incompleta ou insuficiente, deficiencias non emendables na documentación xustificativa, incumprimento das obrigas impostas á entidade beneficiaria neste convenio ou concorrencia dalgunha das causas previstas no artigo 33 da Lei de subvencións de Galicia e demais lexislación aplicable, sen prexuízo do previsto nos artigos 45.2 e 46 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

2. Ademais de calquera outra causa que derive da normativa aplicable, constitúen en todo caso un incumprimento das obrigas impostas á entidade beneficiaria neste convenio as seguintes:

a) Non acreditar a execución do proxecto subvencionado antes da finalización do prazo de xustificación e/ou non presentar toda a documentación xustificativa no tempo e na forma esixibles, de conformidade co previsto nas cláusulas deste convenio e demais normativa de aplicación.

b) Incumprimento das condicións establecidas para a concesión da subvención.

3. A perda do dereito será total ou parcial, segundo afecte todas ou algunhas das actuacións que integran o proxecto que fundamenta a resolución de concesión.

#### **Décimo segunda.- Subcontratación.**

Poderán ser obxecto de subcontratación, total ou parcial, as actividades subvencionadas a través deste convenio, tendo en conta o disposto nesta cláusula e de acordo co establecido no artigo 27 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. En todo

caso quedan fóra da subcontratación aqueles gastos nos que teña que incurrir a entidade beneficiaria para a realización por si mesma da actividade subvencionada.

A necesidade da subcontratación estará debidamente motivada pola entidade beneficiaria e, en ningún caso, suporá un aumento do custo da actividade subvencionada.

Os subcontratistas quedarán obrigados soamente ante a entidade beneficiaria, que asumirá a total responsabilidade da execución da actividade subvencionada fronte á administración. O Arcebispado de Santiago de Compostela será o responsable de que na execución da actividade subvencionada concertada con terceiros se respecten os límites establecidos neste convenio en canto á natureza e contía dos gastos subvencionables e esixiranlles ás/aos subcontratistas os documentos acreditativos dos pagamentos correspondentes.

Os/as subcontratistas están obrigados/as a facilitarlles aos organismos de auditoría e control toda a información necesaria relativa ás accións subcontratadas.

En ningún caso poderá concertar o beneficiario a execución total ou parcial das actividades subvencionadas con:

- a) Persoas ou entidades incursas nalgunha das prohibicións do artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- b) Persoas ou entidades que percibisen outras subvencións para a realización da actividade obxecto de contratación.
- c) Intermediarios ou asesores nos que os pagamentos se definan como unha porcentaxe de custo total da operación, agás que o dito pagamento estea xustificado con referencia ao valor de mercado do traballo realizado ou dos servizos prestados.
- d) Persoas ou entidades vinculadas co beneficiario, agás que a contratación se realice de acordo coas condicións normais de mercado e que se obteña a previa autorización do órgano concedente nos termos que se fixen nestas bases reguladoras.

#### **Décimo terceira.- Causas de resolución.**

Serán causas de resolución deste convenio:

- O incumprimento do seu obxecto.
- O incumprimento total ou parcial de calquera das cláusulas que nel se establecen.
- O transcurso do tempo estipulado sen que culminen as actividades acordadas.
- O acordo unánime dos asinantes.
- A decisión xudicial declaratoria da nulidade do convenio.
- Calquera outra causa distinta das anteriores prevista no convenio ou noutras leis.

**Décimo cuarta.- Reintegro da subvención.**

Procederá o reintegro parcial ou total da subvención nos casos previstos 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e concordantes do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

No caso de que se produza exceso das subvencións percibidas de distintas entidades públicas, a entidade beneficiaria deberá reintegrar o exceso xunto cos xuros de demora, nos termos que establece o artigo 23 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da lei de subvencións de Galicia.

**Décimo quinta. - Publicidade e rexistro do convenio. Autorización e consentimento para que se publiquen os datos persoais e demais especificacións que figuran no convenio.**

En cumprimento do disposto nos artigos 18 e 20.8 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, comunicarase a subscripción deste convenio á Base de Datos Nacional de Subvencións que opera como sistema nacional de publicidade de subvencións.

Segundo o artigo 17 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, ademais da información que debe facerse pública segundo a normativa básica en materia de transparencia, a Axencia de Turismo de Galicia publicará o texto íntegro do convenio.

Así mesmo estarase ao disposto no artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, sobre os deberes específicos de información sobre convenios.

Ao mesmo tempo, procederáse á inscrición do convenio no Rexistro Público de Subvencións conforme ao establecido no artigo 16 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e no Decreto 132/2006, do 27 de xullo.

#### **Décimo sexta.- Protección de datos persoais.**

As partes asinantes responsabilizaranse de que calquera tratamento de datos persoais que puideran levarse a cabo en virtude do mesmo se realice con absoluto respecto ás normas de seguridade e de conformidade co establecido no Regulamento 2016/679 (UE) xeral de protección de datos, na Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais e demais normativa concordante.

Os datos persoais das persoas físicas asinantes do convenio serán tratados polos asinantes unicamente para a súa adecuada formalización e desenvolvemento, en base ao disposto no artigo 6.1 b) do RXP.

#### **Décimo sétima.- Notificación electrónica.**

Segundo o artigo 14.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, os colectivos que están obrigados a relacionarse a través de medios electrónicos coas administracións públicas, e polo tanto, a recibir notificacións por canles electrónicas son: as persoas xurídicas, as entidades sen personalidade xurídica, os colexios profesionais, os que representen un interesado que estea obrigado a relacionarse electronicamente coa Administración e os empregados das administracións públicas para os trámites que realicen con elas por razón da súa condición de empregado público.

As notificacións realizaranse só por medios electrónicos a través do Sistema de Notificación Electrónica de Galicia Notifica.gal (<https://notifica.xunta.gal>). Para poder acceder a unha notificación electrónica, o interesado deberá contar cun certificado

electrónico asociado ao NIF que figure como destinatario da notificación (persoa física ou xurídica). Así mesmo, o interesado pode autorizar a calquera outra persoa a acceder ao contido das súas notificacións.

**Décimo oitava.- Vixencia.**

Este convenio entrará en vigor na data da súa firma e terá vixencia ata o 31 de decembro de 2026.

E en proba da súa conformidade, as partes asinan este convenio na data da súa sinatura dixital.

Pola Axencia de Turismo de Galicia  
O director

Polo Arcebispado de Santiago de Compostela  
O Ecónomo

José Manuel Merelles Remy

Fernando Barros Fornos

ANEXO

Modelo de cartel de obra



 XUNTA  
DE GALICIA

CONVENIO DE COLABORACIÓN  
COA AXENCIA TURISMO DE  
GALICIA XXXXXXXXXXXXXXXXXXXX

Orzamento: X.XXX.XXX,XX €

Subvención: XXX.XXX,XX €

Xacobeo  2027

Logo      Logo